Siempre se ha dicho, y se dice, que el carácter gallego es triste, lloroso, como el de la grande Rosalía. Tremendo error. Rosalía no es triste. El gallego no es triste. Rosalía, el alma gallega de Rosalía, es simplemente dulce; ama con dulzura a sus gentes, a su Galicia entera y eterna. Amor, que en su sencilla humildad, carente de orgullo, de desdén, o de odio, es solo amor que acepta y asume su realidad. Ama.

Tal vez, pienso, sea este sentir, este amar, este querer lo que somos y es Galicia, la mejor aportación que podemos realizar a los demás pueblos de España. Estar, trabajar, sentir, amar... lo nuestro y lo de los demás, tal como es. Un amor que no analiza, no valora, no reivindica, no pide, no exige. Solo da. Solo recibe. Amor de madre-hijo. Viviendo y amando en gallego.

SEVERINO FDEZ. VERA

IV CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS

No mes de decembro, do 2 ó 4, tivo lugar na capital de Lugo, o IV CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS, ó que asistiron 200 representantes doutras tantas institucións galegas repartidas por todo ó mundo, co obxectivo de analizar e debater cinco ponencias relacionadas coa actuación da Xunta de Galicia no Exterior, así como tamén elixir ós membros da Comisión Delegada para o trienio 95-97.

A primeira ponencia, "**Galeguidade**", presentouna D.Fernando Amarelo, actuando de Secretario D.Santiago Suárez Martínez. A idea primordial é supera-lo concepto de emigración, desfasado xa nestes momentos, polo de galegidade, potenciando asociacións profesionais, xuvenís, etc. do exterior, cun vínculo incondicional cara ó sentir galego, sen ánimo de reivindicación, realizando así mesmo un censo internacional de galegos e dos seus descendentes; e tamén propo-

ñendo que o V Consello se celebre en Bos Aires, por se-la cidade que conta con maioría de galegos na diáspora.

A segunda ponencia, "**Xuventude**", presentouna D.Avelino García Melle, Presidente do Centro de Galicia de Bos Aires, actuando como secretario D.Manuel Rodríguez Ferreiro. Nas súas conclusións contéplanse o intercambio entre xóvenes descendentes de galegos no exterior; ampliación de cursos sobre cultura galega, formación de grupos musicais, intercambios deportivos, concesión de bolsas de traballo, solicita-lo recoñecemento de títulos universitarios e equivalentes, así como conceder bolsas e axudas para estudantes.

A terceira, "**Cultura**", presentada por D.Luís Blanco Vila, Presidente do Centro Galego de Madrid, sendo secretario D.Luís González Tosar. Debateuse sobre a defensa da Cultura propia de Galicia, xenerando un maior coñecemento e difusión da lingua e literatura galega, buscando a integración e participación da xuventude nun maior interese pola terra e cultura dos seus devanceiros, achegando a Galicia do exterior á realidade cultural da Galicia de hoxe, promocionándoa en tódolos seus aspectos mediante os Centros e Sociedades galegas, e tamén procurando que a cultura galega non sexa só coñecida polos seus aspectos folclóricos e gastronómicos, senon fundamentalmente polos literarios e artísticos.

A cuarta ponencia, "**Política Asistencial**", presentada por D.José Gómez Martínez, Presidente da Casa de Galicia de Montevideo, actuando de secretario D.Argimiro Ríos Iglesias, estivo debatida fundamentalmente polas Casas galegas de Sud-América e unha da Península, o

noso propio Centro Galego de Lleida, que tivo unha intervención decidida en tódalas cuestións que alí foron discutidas, entre as que destacan á de fornece-los programas que faciliten o reencontro dos galegos coa súa terra, informando de forma efectiva dos trámites e axudas das diferentes Institucións galegas. Así mesmo fornece-las entidades galegas que realizan actividades de protección social ós nosos emigrantes, e cubri-las necesidades básicas destes.

Ó longo do debate, chegamos á conclusión de que algúns países de Iberoamérica, teñen unha asistencia ás persoas da terceira idade moi deplorable, chegando ó caso de que paisanos nosos, despois dunha longa vida de traballo atópanse nos últimos días cunha carencia total e absoluta de medios para sobrevivir. Por elo recomendamos-la creación de prazas en residencias da terceira idade en Galicia, para persoas que desexen voltar á súa terra. Tamén se puxo de manifesto o desexo de que tódolos galegos residentes no exterior poideran ter acceso á asistencia sanitaria gratuita na rede sanitaria galega e española.

Finalmente, a quinta, "**Participación da Galicia Exterior na política de Galicia**", presentada por D.Pablo González Tojeira, Presidente da Casa de Galicia en Nueva York e actuando como secretario D.Juan Castellano Herrero. O seu planteamento básico foi que os nosos residentes no exterior poidan participar activamente na política autonómica, partendo dun censo riguroso.

Unha vez debatida-las ponencias, procedeuse ó nomeamento por votación, dos catorce membros compoñentes da Comisión Delegada, sendo **elixido**, dos catro representantes de España, e para un novo período de tres anos, o **Centro Galego de Lleida**, feito que nos enche de orgullo e de satisfacción.

CELSO González Gómez.



Asistentes representantes dos Centros Galegos en Catalunya ó IV Consello de Comunidades Galegas

O ALCOHOL E A CONDUCCIÓN

1. TRAXEDIA NA ESTRADA.

Case a metade das mortes que se cobra a estrada, son debidas ao binomio "alcohol-auto", e, os accidentes de tráfico, son a primeira causa de mortandade entre os xóvenes, con idades comprendidas entre os 17 e os 25 anos.

O redor do 60% dos accidentes ocorridos nas noites dos venres e dos sábados, prodúcese por "levar, seus conductores, unhas coppiñas de máis".

Para poñer remedio a esta **TRAXEDIA NACIONAL**, a Dirección Xeral de Tráfico, mediante as policía locais e sobre todo, da Garda Civil de Tráfico, incrementou enormemente os controles preventivos de alcoholemias en tódolos recunchos de España, e, a diferentes horas.

Como consecuencia destes controles a curva alcista de finais dos 80, tense invertido e, nos últimos anos, aínda que non como fora desexable, vanse reducindo os accidentes e, tamén os feridos e falecidos.

Lleida, posiblemente sexa unha das provincias onde máis se ten notado esta tendencia, sobre de todo porque foi aquí, onde se implantaron os xuícos rápidos, **gracias á coordinación entre a Xefatura Provincial de Tráfico, Fiscalía e Xuíces**, conseguindo con elo, o efecto exemplarizante da inmediatez das penas e multas.

Os datos da provincia de Lleida nos últimos anos, reflexados a continuación, son moi esperanzadores, desexando que esa tendencia se mantéña. Para os responsables da seguridade vial, eses datos son moi satisfactorios, aínda que non deben escatimar esforzos, mentres siga morrendo, alomenos, un só mozo na estrada.

ANOS	PROBAS ALCOHOLEMIA	PROBAS POSITIVAS	NUMERO ACCIDENTES	FERIDOS	MORTOS
1990	10.111	39	1.138	1.856	108
1991	11.930	119	1.100	1.872	121
1992	13.261	501	973	1.598	101
1993	23.489	805	878	1.472	97
1994	28.540	647	802	1.333	72

Como vemos no número de accidentes, feridos e mortos, foi baixando, pero o dato máis significativo é a cifra de mortos, no último ano.

Así mesmo, no ano 1.992, o tanto por cento de alcoholemias positivas respecto do total de probas, foi do 3,78% mentres que no último ano, tan só alcanzou o 2,27%, desexando que nos próximos anos, esa cifra sexa ínfima, co que tereamos reducido as vítimas na estrada. Como únicas

recomendacións para acadalo, tan só caben os CONSELLOS de:

- Se conduces, non bebas ren (nada) de alcohol.
- E se te vas de troula con outros amigos, o que teña que conducir, que non beba ren que teña alcohol.



2. NORMATIVA APLICABLE.

Os axentes de Tráfico, que teñen atribuída a competencia en materia de vixilancia, regulación e control do tráfico e da seguridade vial, deberán actuar dacordo co estipulado no artigo 12,2 da Lei de Seguridade Vial, á súa vez desenrolado polo articulo 21 do Regulamento Xeral de Circulación (RGC), que entre outras cousas establece:

A) **PERSOAS OBRIGADAS A SOMETERENSE A PROBA.**

"Os axentes da Autoridade encargados da vixilancia do Tráfico, **PODERÁN** someter ás devanditas probas a :

1. Calquera usuario da vía ou conductor dun vehículo, implicado directamente como posible responsable nun accidente de circulación.



2. Os que conduzan calquera vehículo **con síntomas evidentes**, manifestacións que denoten ou feitos que permitan razoablemente presumir, que o fan baixo a influencia das bebidas alcohólicas.

3. Os condutores que sexan denunciados pola comisión dalgunhas das **infraccións** ás normas contidas no presente Regulamento (LSV e RGC).

4. Os que con ocasión de conducir un auto, sexan requiridos ó efecto pola Autoridade ou seus axentes dentro dos programas de controles preventivos de alcoholemia ordenados pola devandita Autoridade”

B) TAXAS DE ALCOHOL NO SANGUE E NO AR ESPIRADO.

O artigo 20 R.G.C., en síntese, entre outras cousas di:

• **TURISMOS.** Ningún condutor de vehículo poderá circular polas vías... con unha taxa de alcohol no sangue superior á 0,8 gramos por litro ou de alcohol no ar espirado superior á 0,4 miligramos por litro.

• **TRANSPORTE DE MERCADORÍAS SUPERIOR A 3.500 KG.** Seus condutores non deberán conducir cunha taxa de alcohol no sangue superior á 0,5 gramos por litro ou de alcohol no ar espirado superior a 0,25 miligramos por litro.

• **TRANSPORTE DE VIAXEIROS DE MAIS DE 9 PRAZAS; SERVICIO PUBLICO; ESCOLAR E DE MENORES; MATERIAS PELIGROSAS; TRANSPORTES ESPECIAIS.** Seus condutores non poderán facelo cunha taxa de alcohol no sangue superior a 0,3 gramos por litro ou de alcohol no ar espirado superior a 0,15 miligramos por litro.

3. OS EFECTOS DO ALCOHOL.

A toma do alcohol, produce unhas reaccións no organismo, que modifican o comportamento e o aspecto da persoa. Os máis significativos son:

Comisión de infraccións:

- Saída das zonas de circulación.
- Manicar peatóns.
- Circulación en dirección prohibida.
- Iluminación e sinalización incorrecta.
- Adiantamentos inadecuados.

Modificación do comportamento:

- Infravaloración dos efectos que o alcohol ten sobre da conducta.
- Falsa seguridade en si mesmo.
- Maior tolerancia de risco.
- Diminución da responsabilidade.
- Aumentanse as conductas impulsivas, agresivas e descorteses.



Efectos físicos:

- Desorientación motora cun menor control dos precisos movementos normais que require a conducción.
- Lentificación dos reflexos e tempos de reacción (afecta sobre de todo á vista, con maior sensibilidade ós deslumbramentos e menor concentración); interferencias na visión binocular.
- Problemas de coordinación entre os sentidos.
- Problemas de percepción de sinais.

4. CANTIDADE DE ALCOHOL POR CONSUMIÇÃO

CLASE BEBIDA TOMADA	CANTIDADE	GRADO ALCOHÓLICO EN %	GRAMOS ALCOHOL PURO TOMADO
Whisky	50 ml	40	20
Coñac	50 ml	40	20
Vodka	50 ml	40	20
Vermouth	100 ml	16	16
Xerez	100 ml	16	16
Cava	100 ml	12	12
Viño	100 ml	11	11
Cervexa	200 ml	4,5	9

5. FÓRMULA PARA DETERMINAR O ALCOHOL NO SANGUE

$$\text{Alcoholemia} = \frac{\text{Peso en gramos de alcohol puro tomado}}{\text{Peso da persoa en Kg.} \times (\text{valor constante reductor})}$$

(Valor constante: **Homes 0,69; Mulleres 0,55**)

Juan Rodríguez Gómez Dacal
(Ido. en Dereito)

ACTIVIDADES DO CENTRO GALEGO DE LLEIDA (ANO 1.994)

XANEIRO 94

07/01/94

Entrega da Cesta ó socio nº 450, D.JOSEP VARELA SERRA

12/01/94

Radio Popular de Lleida: Pepe, Toni e M^oCarme (Bar-Restaurante).

21/01/94

A Vocalía da Muller organiza unha excursión ó Mosteiro de Leire e ó Castelo de Javier.

23/01/94

1^a Celebración da "Matanza do Porco", con semellanza do galego.


FEBREIRO.94

05/02/94

Comida do Porco, matado no día 23 pasado. Asistencia de máis de 110 persoas.

07/02/94

Comeza a SEMANA CULTU-



RAL: Conferencia do noso amigo e socio D.PEPE RODRÍGUEZ GIRALDEZ.

08/02/94

Concurso de Debuxo rápido para púcaros, cativos do Centro Galego.

09/02/94

A Vocalía da Muller organiza unha exposición de fotografías sobre personaxes máis sobranceiros e coñecidos de Lleida, cando eran nenos. Participación no Programa de Radio Popular coas Casas Rexionais de Lleida.

10/02/94

Conferencia sobre a SIDA.

11/02/94



Visita do noso PAER EN CAP, D.ANTONI SIURANA, e presentación desta nosa revista do centro. XURDIMENTO. Cea de irmandade.

12/02/94

Celebración do Entroi-

do por parte dos máis novos.

13/02/94

Peche da SEMANA CULTURAL : Misa cantada en Sant Jaume, Asemblea Xeral e comida de irmandade.

22/02/94

A Vocalía da Muller visita as instalacións do diari SEGRE.

MARZO.94

02/03/94

Visita e cea na nosa sé do Sr.Alcalde : D. ANTONI SIURANA.

09/03/94

Participación no Programa de Radio Popular coas Casas Rexionais de Lleida.

12/03/94

Entrega de Diplomas, por parte de don Argimiro Rios -da Secretaría Xeral

para as Comunidades Galegas-aos asistentes no Curso de Galego Inicial, impartido no noso Centro durante algúns meses.



19/03/94

Misa cantada pola Coral "CENGALLEI" na Igrexa das Dores.

20/03/94

A Vocalía da Muller celebra a CALÇOTADA na ermida de Greyana cunha participación superior a 160 persoas. Fíxose a celebración Eucarística e despois o xantar de irmandade.

22/03/94

A Directiva do R.C.CELTA DE VIGO e algúns dos seus xogadores visitan o noso Centro, namentres dura a súa estancia en Lleida.

27/03/94

A Confraría do Centro Galego participa na Procesión do Domingo de Ramos, acompañada polo grupo de Gaitas do mesmo. Pola noite faise unha cea de irmandade.

ABRIL.94

01/04/94

A Confraría e mai lo Grupo de Gaitas participan na Procesión do Venres Santo (Similitude da Procesión dos Caladiños).

04/04/94

Socios e simpatizantes do

Centro celebran un xantar para comer a "Mona", en "Torregrosa".

06/04/94

Participación no Programa de Radio Popular das Casas Rexionais de Lleida.

20/04/94

A Coral do Centro "CENGALLEI", fai unha actuación na Casa de Aragón con motivo da súa Semana Cultural.

21/04/94

A Vocalía da Muller fai unha excursión á Pobla de Segur, onde visitan o muíño de aceite (Molí d'oli), Museu Raiers, Comú de Particulars e maila fábrica de Ratafía.

23/04/94

A Delegada de Benestar Social Dona TERESA RIBES, fai a entrega dun libro e unha rosa ás mulleres do Centro, en conmemoración e celebración da "Diada de S.Jordi".

Visita da Directiva do Real Club DEPORTIVO DE A CORUÑA, encabezada polo seu Presidente D.Augusto Cesar Lendoiro e algúns dos seus xogado-

res. Perante o acto entrégaselles un recordo da Cidade. A Prensa Deportiva da cidade faille entrega dun cadro e a "Peña dels "XUTS", faille entrega tanto ao noso Presidente como ó Deportivo dunha figura dun "XUT".

MAIO 94

08/05/94

Participación do noso grupo "XURDIMENTO" xunto con SAUDADE -de Barcelona- na Praza Sant Joan de Lleida, con motivo da "Festa Major" da nosa cidade.

Pola noite o Centro Galego participa na verbena das Casas Rexionais nos Camps Elisis.

11/05/94

Pola mañá "Ofrenda" da xente nova do Centro, ó patrón da cidade Sant Anastasi.

Pola tardiña, participación, cunha carroza, na tradicional "Batalha de Flores".



22-23/05/94

Excursión a Peñíscola, organizada pola Vocalía da Muller, onde se visitou non só o fermoso pobo, senón tamén outros lugares de Tarragona e Castellón.

XUÑO 94

18/06/94

Celebración do "Día das Letras Galegas" : Conferencia a cargo de Don Antón Castro, que versou sobre o autor teatral, ensaísta e artista galego Luís Seoane, a quen se lle adicaba o día das Letras. Peche con cea de irmandade na propia sé do Centro.

XULLO.94

01/07/94

Cea "Fin de actividades da Vocalía da Muller" no Restaurante do Centro Galego de Lleida.

03/07/94

Excursión a Ager, xunto coas outras casas rexionais de Lleida. Celebración dun xantar de irmandade, conxunto, en carpas axeitadas a tal fin. Actuacións das diversas casas rexionais : de Extremadura, de Andalucía, de Aragón e a representación de Galicia co noso grupo "Xurdimento".

05/07/94

Entrega ó Excmo.Sr.Presidente da Deputación de Lleida, por parte do Presidente do Centro Galego de Lleida, acompañado doutros membros da Xunta Directiva, do diploma acreditativo de Socio de Honor da nosa entidade e o escudo de ouro.

20/07/94

Recepción Oficial do Sr.Alcalde de Lleida ó noso Presidente do Centro Galego.

23/07/94

Cea de irmandade para celebra-lo día de Sant Jaume. Perante a cea estivemos acompañados polo Excmo.Sr.Presidente da Deputación D.JOSEP GRAU, a súa dona e outros representantes das institucións de Lleida.

AGOSTO94

Vacacións.

SETEMBRO94

06/09/94

O Sr.Presidente do Centro é recibido, xunto con outros compañeiros das outras catro Casas Rexionais, polo Sr.Delegado do Goberno da Generalitat, a Delegada de Benestar Social e o Sr.Presidente da Deputación de Lleida.

18/09/94

Día de Breogán. Traslado a Cellers, pobiño da montaña pirinenca Lleidatana. Desprazamento en tren, aproveitando unha axuda do Patronato de Turismo, para promociona-lo Tren da Poble. Celebración da Misa nunha pequena ermida, acompañados por algúns membros de Cengallei. Visita do pobo acompañados polos seus habitantes. Xantar nun bosque da estación.



Celebración de xogos para cativos e maiores. Sorteio de produtos galegos. Merenda campestre á que fomos obsequiados por unha señora do pobo de Cellers por térmola visitado.

16-30/09/94

Curso de baile e pandeireta a cargo da profesora Guadalupe Romero, que veu a mantenta dende Galicia para mellorar e consolidar o noso Grupo "Xurdimento".

30/09/94

Celebración dunha Misa no oratorio da Virxe Branca. Actuación da nosa coral "CENGALLEI".

OUTUBRO 94

08/10/94

Actuación do grupo "Xurdimento" no cuartel da Garda Civil de Lleida, para axudar á celebración das festas da súa Patroa.

12/10/94

Participación, xunto coas outras Casas Rexionais, na procesión da Virxe do Pilar. Canta a nosa Coral na Misa organizada pola Casa de Aragón.



Intervención e actuación da Coral "CENGALLEI" na Catedral de Lleida, na Misa celebrada en honor da Garda Civil.

14/10/94

Comeza o Curso de PERFECCIONAMENTO DE GALEGO, impartido polo Profesor D.Xulio Couxil, que se despraza dende Barcelona tódalas fins de semana. Ten unha abondosa matriculación de alumnos.

18/10/94

A Vocalía da Muller viaxa a Sant Sadurní d'Anoia, visitando algunhas cavas e lugares dos arredores.

29/10/94

Celebración do Magosto no Centro. Misa na parroquia de Sant Jaume, acompañados pola nosa Coral.

Venta de castañas tipicamente asadas ó estilo galego (no tixolo),

como cada ano, con grande éxito na Praza das Misións.

NOVIEMBRE.94

04/11/94

A Vocalía da Muller, participa, como cada ano, na "cuestación" da Cruz Vermella", para a obtención de fondos.

13/11/94

O noso Grupo "Xurdimento" e a Coral "CENGALLEI", participa na Semana do ancián na Residencia Juana Jugán, das irmanciñas dos pobres de Lleida.

17/11/94

O Presidente da nosa entidade, xunto cos outros presidentes das Casas Rexionais visitaron ó Sr.Alcalde de Lleida.

21/11/94

Entrevista do noso Presidente na Radio Lleida.

23/11/94

O Ilmo.Sr.Alcalde de Lleida, D.Antoni Siurana, visita o noso Centro.

25/11/94

Semana Cultural da Federación de Casas Rexionais e Centros de Lleida : Conferencia e presentación do libro "CERTAME DE POESÍAS", editado conxuntamente

por Sotelo Blanco e a Asociación Cultural Galega "Rosalia de Castro" -Cornellà de Llobregat. Recitado de poemas do libro por alumnos do curso de galego. Namentres coordina Xulio Couxil, proxéctanse diapositivas alusivas e escóitase música de fondo. Remate do acto cunha actuación da nosa Coral "CENGALLEI".

26/11/94

Cea de irmandade de tódalas Casas Rexionais e Centros de Lleida.

DECEMBRO 94

24/12/94

Visita "Papá Noel" o noso Centro Galego, portando xoguetes e regalías para os pícaros e maiores do Centro.

31/12/94

Celebración da saída e entrada de Aninovo, na sé do Centro Galego. Reunión dos socios para deseñar-lo mellor no 1.995.



FETS, COSTUMS I LLEGENDES


ENTRE TOTS SANTS I NADAL

No hi ha cap mena de dubte que el temps que va des de Tots Sants fins a Nadal és un dels temps més rics en la tradició popular.

És en aquest espai de temps que trobem que els nostres avantpassats feien el novenari de les ànimes (nou dies abans del primer dia de novembre), i que en aquest espai de temps la gent no es casava. El culte als difunts era tan arrelat que hom no podia pensar en altra cosa que en això.

També la tradicional matança del porc es feia en aquest espai de temps, una de les tres alegries de l'home, segons versió generalitzada. La matança del porc contenia tot un ritual especial. I no només a pagès, la ciutat també gaudia d'aquesta realitat.

A Barcelona, al segle XIV tenia lloc una important fira de porcs per



Sant Tomàs, i que formava part del complex de fires nadalenques, i era tant important que s'aixecava la normativa de que els porcs només podien entrar pels portals de Junqueres i de Sant Daniel, perquè des de dos dies abans de Sant Tomàs fins a Nadal els era permesa l'entrada també pel Portal del Ferro o Portaferriassa, degut a l'excés de porcs que acudien a la fira.

La ciutat gaudia d'un privilegi reial per a la celebració de les grans fires de Sant Tomàs, les més importants de tot Catalunya.

I com no, en aquest espai de temps ens trobem amb la més íntima de les tradicions, la celebració del Nadal.

EL TIÓ

A recer d'aquell flaïre de perfum tradicional hem de dir que en altre temps no molt llunyà, tant en els llogarets rurals com en les ciutats de la nostra terra, els nostres avis no haurien pas concebut una vetllada de Nadal familiar si no hagués anat acompanyada de la cerimònia ritual, de l'encesa i farciment del tió.

FOC ENCÈS

Així mateix, i seguint amb aquesta tradició, era costum deixar el foc encès aquesta nit a totes les cases rurals, i també en alguna de ciutat, ja que la creença del cor senzill del poble, assegurava la devallada de la Verge, amb l'infant Jesús, per escalfar-li els bolquers i la robeta a l'amorós caliu de la llar.

Nosaltres, que personalment

hem viscut aquesta tradició, hem d'afegir que, amb quina il·lusió no contemplàvem l'endemà aquelles cendres vora les quals havien degut seure Mare i Fill, i que la imaginació infantil fàcilment hi retrobava.

TRADICIÓ ORIGINAL

Però si algunes d'aquestes tradicions poden haver estat comunes a d'altres pobles i cultures, nosaltres n'hem recollit una que era original i molt estesa al món rural de Catalunya.

La nit de Nadal, els joves sortien quan ja era fosc al carrer per caçar pardals, que després donaven a les noies joves.

Aquestes noies a la tradicional missa de gall, al seu moment, deixaven anar els pardals. Que una jove en deixés volar un, significava el seu enamorament o la seva prometença. La noia que no deixava anar cap ocell era signe que ni estava enamorada ni promesa.

A continuació d'aquest fet, l'endemà, dia de Nadal, les majorales (Oh! la figura de les majorales a Catalunya!!!), anaven pel poble, casa per casa, i a la porta cridaven: "Déu gràcies...", responia la mestressa: "Sien dades..."; llavors les majorales començaven: "es fa saber que tal surt amb tal".

I així anaven passant revista a tots els noms, de tal manera que el poble quedava assabentat dels futurs prometatges. Sens dubte és una curiosa tradició.

**JOAN BELLMUNT
I FIGUERAS.**

CENGALLEI: A Nosa Coral

No anterior número 7 da nosa revista, falabamos de "CENGALLEI", a nosa coral, de como renacera, de como se formara e de quen interviñera naquela grande idea. Hoxe, co transcurso do tempo, vaise consolidando e tomando forma. Daquel bo desexo de que medrara en número de compoñentes, poderíamos dicir que non coallou, non acabou de ser ben entendido, pois somentes foron dous os novos membros que se incorporaron, os amigos Xoan Rodríguez e mailo seu fillo Xoan Carlos. Estoume a referir a aquel Xoan Rodríguez que no relato anterior despedíamos, e que naquela cea se xestou a refundación da coral. Pois ben, xa voltou ós nosos eidos para ledicia de todos e para ben de "CENGALLEI". Actualmente xa somos once no grupo. Unha soa dama (a nosa directora) e dez desafinadas voces de home que con unha grande dose de paciencia e grande esforzo, ela vai levando e metendo entre as liñas do pentagrama.

Neste ano que pasou, as actuacións da coral foron abondas: dende misas cantadas ata dous concertos. Das misas cabe destaca-la da Santa Igrexa Catedral, o día doce de outubro, nosa Señora do Pilar - así como a do día 1 de decembro, na preciosa Capela do Reximento de Artillería nº 21 (Sta. Bárbara). O 18 de decembro no Hospital Provincial-. As dúas primeiras oficiadas polo Ilmo. Sr. Bispo da Diocese de Lleida, Monseñor D. Ramón Malla Call, quen destacou a nosa participación, cunha efusiva felicitación, ó remate.

Os dous concertos foron dados, na "Casa de Aragón" o día 20 de abril, no transcurso do partido de fútbol da final de Copa do Rei no que xogaban o Real Zaragoza fronte ó Real Clube Celta de Vigo (con victoria final dos maños, por penaltis).

O segundo, e máis recente, foi o día 17 de decembro no Salón de Actos da Comandancia da Garda Civil, con motivo do "150 Aniversario da Fundación da Benemérita". Ambolos dous concertos tiveron un grande éxito.

Xa máis doutro xeito, e pondo o corazón por diante, naquel 18 de Nadal, despois da misa, no Hospital Provincial, percorremos los corredores do pavillón dos enfermos cantando para eles algunhas pezas do noso repertorio. Foi entrañable.

Por esa boa acollida que nos dispensades todo-los que nos oides, por eses aplausos e por eses comentarios alentadores, non me cabe outra cousa que dicir: Gracias, moitas GRACIAS en nome de "CENGALLEI".

M. Castro Nova.

CURSO DE GALEGO

No número anterior da revista propuña podermos continuar co "Curso de Perfeccionamento" para este curso. Xa estamos a impartilo. ¡ Noraboa !. Isto amosa o esforzo e o traballo conxunto que se está a facer neste gran Centro Galego de Lleida, que nós consideramos como unha das Asociacións Galegas en Catalunya, a imitar. (Son verbas repetidas do ano pasado).

Nos primeiros parágrafos da miña colaboración anterior gavaba un pouquiño esta publicación con respecto a outras anteriores. Hoxe teño que dicir que non só mellora senón que avanza e coido que dará moitísimo que falar a todos aqueles que se cren portadores da mellor bandeira galeguista.

Unha maior abundancia de artigos en galego ou bilingües, que amosa unha grande pluralidade no idioma, a "molladura" das institucións e os seus altos cargos representantes, a participación altruista e colaboradora dos seus articulistas, un maior número de páxinas, e un longo etc. de cousas que podedes comprobar vos mesmos, os propios lectores, é o que me obriga a felicitaros, a todos: ós membros directivos e os propios socios do Centro Galego de Lleida por facer posible tan feiteira publicación como é "XURDIMENTO". ¡ Animo e seguides así !. Dende estas páxinas, e como humilde colaborador voso, pídovos que fagades extensiva esta felicitación a tódolos que non vos coñecen cunha edición facsímil do 1º número da vosa Revista, que coido será unha regalía.

Algunhas reflexións que quero poñer de manifesto, e que ademais poden ser de moito interese para tódolos Centros Galegos de Catalunya. Como conclusión do Primeiro Curso de Galego Inicial impartido neste Centro, teño que felicitara a tódolos asistentes, xa que todos eles obtiveron o Diploma de aptitude que lles foi entregado por D. Argimiro Ríos - de Relacións coas Comunidades - no decurso dun entrañable acto o día 12 de Marzo do 94. Temos que dicir que é precisamente ese departamento de Relacións coas Comunidades, quen se encarga de coordina-la concesión de tódolos cursos e cursiños que precisan ou solicitan as Asociacións.

O Centro Galego de Lleida, recollendo as suxerencias dos propios socios e de min mesmo, como profesor, fixo posible que se puidera impartir este segundo curso de Perfeccionamento no horario e nos días acordados para beneficio de todos. Débense potenciar este tipo de accións e facer os posibles para que os cursos non foran intensivos (un mes seguidos), por mor de poder adaptar mellor os horarios ás persoas que desexan aprender a nosa lingua. Temos que facilitar os medios para aprender e non se pode esixir un nivel se ademais de difícil poñémoslle-lo case que inaccesible. A maioría dos alumnos son persoas

estudantes ou empregados, que non dispoñen de tempo contino, diário, para dedicarlle-lo ao ensino dunha lingua. Facilitar ese horario pois. Os cursos de Iniciación xa comezan a coordinarse dende a Universidade de Barcelona (Basilio, Camilo, Helena, Sabela). Agardamos e desexamos que isto supoña unha consolidación de algo encetado, fai moitos anos, por algúns "atolados" altruistas que desexabamos espalla-la nosa lingua e a nosa cultura aló onde nos atopabamos. Hoxe xa temos máis medios e temos profesores titulados, xente nova, capacitados para impartir esas clases en tódolos Centros ou Asociacións Galegas que o soliciten, non fai falla que veñan - a peto - profesores dende Galicia.

Falando do noso "Curso de Perfeccionamento", gracias á nosa grande amiga e tamén Profesora dona Rosa González Mahía -autora e directora-, ímoslle poñer un "brodado de ouro" para remate e peche das clases deste ano: A reposición e representación escénica da obra de teatro "O Galo Larpán". De verdade que atópome moi ledo, e animo a tódolos Profesores de galego para chegar a acadar estes niveis de "galeguización enxebre do noso idioma". O amor polas nosas cousas non se demostra tan só estudando nos libros, senón tamén comunicándose e empregando o noso idioma en tódalas situacións que poidamos. Estes actos axudan a aprecia-lo noso idioma en toda-la súa extensión.

Posiblemente para vindeiros cursos que se establezan, no que participen xa os máis novos do grupo, se atopen capacitados os que acaden a aptitude neste actual Curso de Perfeccionamento, nembargantes coido poder continuar participando nas diferentes actividades que vindes desenrolando no Centro. Non esqueceré o agarimo con que fun recibido e tratado nos meses que estiven axudándovos a coñecer mellor o noso idioma. E falando de esquecementos teño que deixar aquí constancia do sentemento de dor, compartido por tódolos alumnos do curso, pola ausencia do noso alumno Sr. Liborio, unha perda que nos deixou apenados non só pola súa persoa, senón tamén polas súas aportacións que sempre facía interesantes, no tocante á antropoloxía galega cando estábamos a estudar ou dialogar entre todos sobre de ferramentas do agro ou doutro calquera aspecto. Deus o teño la groria.

Todas estas cousas non serían posibles sen a vosa desinteresada participación e a vosa colaboración nas clases e en todas aquelas cousas nas que participei convosco. Así pois, dóuvolas GRACIAS por esta acollida e o voso apreco amosado.

Ata unha vindeira ocasión.

XULIO Couxil Vázquez

VOCALÍA DA MULLER

A vocalía da muller seguiu coas actividades iniciadas en novembro do 1991, pero o que nun comezo era un día á semana de actividade, converteuse en tres días semanais fixos: Luns, Martes e Xoves.

O grupo que confecciona os traxes rexionais ten seguido os traballos perante o ano e actualmente o Grupo de Danza e Gaitas loce xa unhas traxes fermosos, de gran valor pola súa autenticidade e pola súa confección totalmente artesanal. Quixera dende estas páxinas felicitar a este grupo de mulleres que con perseverancia e bon facer, semana tras semana, están conseguindo un patrimonio moi importante para o Centro.

A actividade de Manualidades continúa tódolos luns e a de Corte e Confección os xoves.



Temos que destacar a confección, no mes de decembro, de artísticos Centros Navideños, actividade dirixida por unha das integrantes da vocoalía, así como tamén o avance na confección de prendas de vestir.

Como en anos anteriores a colaboración estreita coa Xunta Directiva, tense plasmado nas aportacións á Semana Cultural, coa organización do concurso ¿Quen é quen? consistente en formar parellas de fotos actuais coas da nenez de diversas personalidades da vida cultural e política. Organización, tamén, dunha conferencia sobre da SIDA, en colaboración con tres profesionais integrados na Asociación Anti-Sida de Lleida.

Organización nos meses de xaneiro e maio de sendas excursións culturais. A primeira á Navarra para visitarmos o Mosteiro de Eyre e o Castelo de Javier. A segunda, de dous días de duración, a Peñíscola onde se visitou o Palacio do Papa Luna, así como tamén unha parte do Delta do Ebro.



Participación no Programa "VOLS CONEIXER CATALUNYA?" organizado polo Departamento de Benestar Social da Generalitat de Catalunya, de tres semanas de duración, consistente nunha conferencia sobre un lugar ou lugares determinados de Catalunya e posterior viaxe a visítalo. O programa incluía:

1ª Semana : Palacio de Pedralves en Barcelona.

2ª Semana : Delta do Ebro, con visita por todo o Delta, así como tamén do Eco-Museo, un dos máis completos de Catalunya.

3ª Semana : Mosteiro de Vallbona de les Monges e Vila Ducal de Montblanch, así como o interesante

Museo Comarcal da Conca de Barberá.

No mes de marzo e sub-vencionado polo Patronato de Turismo da Diputación "ARA LLEIDA", a Vocalía organizou unha viaxe en tren á Pobla de Segur onde se programaron sendas visitas, a saber:

- Museo dels RAIERS.

- Exposición "150 anos do prensa escrita" no COMU DELS PARTICULARS, así como o extenso Museo da citada Entidade.

- Visita ó Concello e ó "MOLI DE L'OLI", un antigo muiño de aceite, anexo ó propio Concello.

Organización da tradicional "calçotada", que como no ano ante-

rior celebrámola en Grenyana, encetando a xornada na ermida cunha misa cantada pola Coral "CENGA-LLEI".

No mes de novembro, por terceiro ano consecutivo, a Vocalía colaborou coa CRUZ VERMELLA, organizando unha mesa demandante na tradicional cuestación que se celebra anualmente.

Este é o resumo das actividades do ano 1994, perante o que ten habido novas incorporacións á Vocalía e dende estas páxinas animo a tódalas asociacións a integrarse á actividade cotidiana do noso querido Centro Galego de Lleida.

MARTA ROIGE I MOSTANY



ELECTRICITAT INDUSTRIAL

Masana, S.L.

- Instal·lacions elèctriques
- Manteniment
- Quadres de comandament
- Bobinatges
- Reparacions

Polígono Industrial "El Segre" • Parcel·la 707, naus 3 i 4
Telèfon 21 10 88 - Fax 21 10 89
25191 LLEIDA

EL GRUP "XURDIMENTO", UN ANY MES

Un altre any ha passat, i el nostre grup segueix endavant amb les seves il·lusions i les seves ànsies. No ha estat un any fàcil: molt de treball, molt de esforç i sobretot el començament d'una nova era, perquè ara les nostres passes van guiades per dues persones molt joves, però no per això menys preparades, són els nostres companys, el Lluís i la Emma. Hem d'agraïr al nostre fins fa poc professor, Daniel el haver portat el grup fins aquest nivell i haver-nos ofert la seva experiència i treball per reconstruir el grup. Com tots sabeu, aquest ha tingut de deixar la seva tasca en el grup per motius professionals.

Aquest any el grup s'ha vis recomfortat per l'ajuda duna professora gallega, la Lupe, que enviada per la Xunta ens ha vingut a ensenyar balls, a canviar i rectificar totes les coses que no es feien del tot bé i sobretot a engrandir el sentiment que a tots, com a membres del grup ens envolta: em referixo al sentiment vers el Centro, a les arrels que tenen alguns dels membres del grup, o d'altres a les arrels dels nostres pares. Es a dir, hem intentat que tot l'esforç que els nostres pares van fer un día, al reunir-se i aixecar aquesta casa, sigui l'exemple per a nosaltres i per milers de persones. I es que són nosaltres el futur de tot, són nosaltres els que amb el nostre petit granet de sorra ajudem a mantenir vives les tradicions, els costums, la cultura i el folklore de la terra dels nostres pares.

La nostra tasca comença ben d'hora els dissabtes: primer són els xicots de gaita i pandereta els que fan l'ensaig semanal i després tot el grup de ball.

Després tenim les actuacions: aquest any a part de les sortides a diferents pobles de la provincia i les Festes de Maig de la nostra ciutat, Lleida, hem participat a la trobada anual de Centres Gallecs a Catalunya, que aquest any es va celebrar a Barcelona, també cal



O GRUPO "XURDIMENTO", UN ANO MAIS

Un ano máis pasou, e o noso grupo segue adiante coas súas ilusións e os seus anxeios. Non foi un ano fàcil: moito traballo, moito esforzo e sobre de todo o comezo dunha nova xeira, porque agora os nosos pasos van guiados por dúas persoas novas, pero non por iso menos preparadas, son os nosos compañeiros, Luís e Emma. Temos que agradecer ao noso ata fai pouco profesor, Daniel o ter levado o grupo ata este nivel e ternos ofrecido a súa experiencia e traballo para reconstruír o grupo. Como xa saben todos tivo que deixar a súa laboura no

grupo por motivos profesionais.

Este ano o grupo viuse reconfortado pola axuda dunha profesora, a Lupe, que enviou a Xunta de Galicia e veunos a ensinar bailes, a cambear e rectificar todas aquelas cousas que non faciamos de todo ben e sobre de todo a engrandece-lo sentimento que a todos, como membros do grupo nos envolta: estoume a referir ó sentimento ó Centro, as raíces dos nosos pais. É dicir, intentamos que todo o esforzo que os nosos pais fixeron no seu día, o reunírense e erguer esta casa, fora o exemplo para nosoutros e para milleiros de persoas. E é que somos nós o futuro de todo, somos nós os que co noso pequeno grauciño de area axudamos a manter vivas as tradicións, os costumes, a cultura e o folklore da terra dos nosos pais.

A nosa faena comeza ben axiña os sábados: primeiro son os cativos de gaita e pandereta os que fan o ensaio semanal e despois todo o grupo de baile.

Despois temos as actuacións: este ano ademais das saídas a diferentes pobos da provincia e ás Festas de Maio da nosa cidade, Lleida, temos participado na trobada anual de Centros Galegos de Catalunya, que este ano celebrouse en Barcelona; tamén cabe destacar o encontro de Casas e Centros Rexionais de Lleida na localidade de Ager, onde xuntamente coas agrupacións

destacar la trobada de Cases i Centres Regionals de Lleida a la localitat d'Ager, on juntament amb les agrupacions dels altres centres regionals, Andalusia, Extremadura i Aragón, vam passar un día molt singular, i vam reforçar els llaços d'amistat entre les diferents cases regionals.

Hem de destacar també que el nostre grup fa altres activitats a part de les actuacions: excursions, xerrades, berenars, i fins i tot un cop a l'any per la Castanyada, els joves venen castanyes gallegues en una céntrica plaça de la ciutat, i així passem tot el día tots junts.

I es que és aquest el nostre repte de futur: consolidar el nostre grup, formar-nos com a persones i passar les millors estones posibles tots junts.

Tot aixó ho hem d'agrair a la Xunta del Centro, per l'ajuda econòmica i moral a tots nosaltres, als nostres pares i als responsables del local on fem l'ensaig els dissabtes, al Departament de Benestar Social de la Generalitat de Catalunya. A tots gràcies per ajudar-nos a seguir endavant.

dos outros Centros Rexionais, Andalucía, Extremadura e Aragón pasamos un día moi singular, e reforzamos los lazos de amizade entre as diferentes casas rexionais.

Temos que destacar tamén que o noso Grupo fai outras actividades ademais das actuacións: excursións, charlas, merendas, e máis aínda unha vez ó ano pola Castañada, os xóvenes vendemos castañas galegas nunha céntrica praza da cidade, e así pasamos todo un día todos xuntos.

E é que é este o noso reto de futuro: consolida-lo noso Grupo, formarnos como persoas e pasa-los mellores momentos posibles todos xuntos.

Todo isto temos que agradecerlle-lo á Xunta Directiva do Centro, pola axuda económica e moral para nós, ós nosos pais e ós responsables do local onde facémo-lo ensaio os sábados, ó Departament de Benestar Social da Generalitat de Catalunya. En fin, gracias por axudarnos a seguir adiante.

MERITXELL TERCEIRO CANYADELL

De **Lúa Nova** a **Xurdimento**

Ben vida un ano máis a esta paisaxe de ilustres pasaxeiros sen nome acadado na infinidade das altanías, innecesaria, para nós; nós os humildes e incansables pasaxeiros desta viaxe fermosa e nobre, sen a nobreza do burócrata intelecto das altanías, non merecidas.

Desde as miñas páxinas saúdo as túas, na orfandade de ámbalas dúas, camiñamos pola virtude da honestidade, de vagariño pero sen pausa, cumprímo-la nosa misión sen a loubanza dos incrédulos de outa mirada; vivimos na realidade do evidente, percorremo-lo camiño da nosa saíba, espallando a virtude da nosa xente, promovendo as angueiras da fidelidade, coa honestidade dos nosos convencimentos, abrimo-la nosa fiestra á inspiración dos personaxes importantes do noso porvir, que algún día encherán a historia dunha terra por nós querida, aí estará a nosa contribución, non anecemos grandes tesouros nin quere-mo-la santidade, tan so o evidente, o honestamente acadado.

Ti, que desde esa fermosa cidade de Lleida, estás chamada a compri-la vontade dunha morea de galegos que nela viven, ser testemuña e cómplice dos seus eventos, dar conta da súa tarefa asociativa, nese berce de galegos amigos, que a través das túas páxinas enxendra a semente do Centro Galego, que che da vida, segue adiante con esa nobre tarefa.

¡ Saúde e ata o vindeiro ano !.

Antonio Díaz Fernández
Director de "Lúa Nova"(Cornellá)

LA CIVILIZACION DEL AMOR

La Asamblea General de las Naciones Unidas, en su resolución 44/82, del 8 de diciembre de 1989, proclamó el año 1994 AÑO INTERNACIONAL DE LA FAMILIA, bajo el lema "La familia: recursos y responsabilidades en un mundo en evolución". A su vez, la Iglesia Católica asumió esta decisión, y el Papa la enriqueció con el lema "La familia, corazón de la sociedad".

Un pequeño artículo no es lugar para un balance de lo que ha supuesto este año, que está ya tocando a su fin, pero sí puede ser motivo para una pequeña reflexión sobre esa comunidad de amor que es la familia.

Y eso en un momento difícil, en el que sobre la familia se proyectan luces (v.gr.promoción de la dignidad de la mujer, procreación responsable...), pero también densas sombras, pues las rupturas y los divorcios han tomado carta de naturaleza entre nosotros, y el futuro -y aun el presente- de la institución familiar está fuertemente cuestionado. Y tendremos que ser muy generosos, muy receptivos, y al mismo tiempo bien firmes, para afrontar los nuevos tiempos.

Estamos inmersos en un consumismo desenfrenado, con una gran inversión de valores, de modo que parece que sólo vale aquello que sirve, y lo que no, se destruye, ya sea un envase de plástico, ya un niño que espera nacer, ya un anciano que sueña sus recuerdos tras sus ojos cansados...Un mundo donde el placer es un ídolo, y el dinero y el poder imponen su señorío.

No obstante, bajo ese cielo encapotado, sombrío y amenazador, día a día, en cualquier lugar, un hombre y una mujer se abrazan sintiendo que son eternos porque su amor no les cabe en la vida; un hombre y una mujer dan gracias a Dios por el gozo de vivir, mirándose en los ojos que los acarician... La familia que nace de ese amor es órgano vital que nos abre a la esperanza, y por tanto merece nuestra dedicación y nuestro esfuerzo. Y no se trata, ciertamente, de aferrarnos, de anclarnos en un modelo de familia concreto, sino de salvaguardar lo que constituye su esencia vital, en el mundo que nos ha tocado vivir.

Pienso que la raíz de la comunidad familiar, raíz por donde absorbe la savia que la va a robustecer, en conjunto y a cada uno de sus miembros, es efectivamente el amor. La 1ª carta del apóstol San Pablo a los Corintios, en su capítulo 13, versículos 4 al 7, ofrece un buen "plan de mantenimiento": "El amor es paciente, es afable... no es grosero ni busca lo suyo, no se exaspera ni lleva cuentas del mal... Disculpa siempre, se fía siempre, espera siempre".

Marido y mujer entregándose y amándose mutuamente, vienen a ser una sola carne (Gen.2,4); buscando cada uno el bien y la promoción del otro, respetándose y cuidándose, siempre fieles, en las alegrías y en las penas, en la salud y en la enfermedad, encontrarán ambos como pareja y cada uno de ellos como individualidad su esencia más íntima, su natural y auténtica dignidad de personas. Esa entrega en el amor,

por su propia naturaleza, implica fidelidad "todos los días de su vida", y es indisoluble, porque compromete su ser persona de forma radical, total. La unión esponsal desafía así las matemáticas, porque 1 más 1 da 1, sin que ninguno de los factores se anulen en la operación.

La entrega desinteresada del uno al otro se prolongará en nuestras vidas, "hueso de sus huesos y carne de su carne (Cf Gn 2,23), imagen y semejanza de Dios. La educación de los hijos, su acompañamiento para que vayan abriendo sus ojos a la vida, y sean a su vez constructores de la civilización del amor, es obligación ineludible de los padres y también su sagrado derecho.

A los niños no se les educa sólo con palabras, sino sobre todo con ejemplos; el testimonio de los padres que vivan en la verdad y en el amor, llevará a sus hijos a ser fieles a su vocación de hombres. Decía Pascal que "si no enseñamos a los hombres a ser honrados, les habremos enseñado todo lo demás". Y es que ante un niño no hay postura "aséptica", porque cualquier detalle deja huella.

Permítaseme aquí una referencia personal : Uno de los recuerdos de mi primera infancia que conservo con más dulzura es el de mi madre enseñándome a rezar, y el de mi padre ayudándome a juntar las manitas ("En aquest llit em poso, quatre àngels i trobo..."). La reverencia, la adoración, la relación filial con Dios padre bueno, se me transmitió como por "ósmosis". El colegio. La gran universidad de la

vida, la reflexión, los testigos que he ido encontrando en mi caminar... todo ha ido tomando apoyo en ese inicio de apertura a lo trascendente, desde el nido cálido del amor de mis padres.

El lento despertar de un hijo a la vida es una aventura maravillosa a la que los padres no deben renunciar, porque ahí se juega el niño como persona y el futuro de nuestro mundo. Eduquemos en valores siendo nosotros mismos portadores de esos valores, y les habremos ganado la batalla al materialismo y al consumismo hedonista. ¡La civilización del amor!

Construir un mundo mejor, hecho de paz y de amor, donde el hombre pueda ser verdaderamente hombre, supone también fidelidad a las raíces. Hace poco, la artista

madrileña Olga Ramos le preguntó a un chiquillo que con quién había ido a cenar al restaurante donde ella cantaba; le respondió el muchacho que con sus abuelos, y Olga Ramos exclamó alborozada: "¡ Qué bien, qué maravilla, este chico tiene historia, es un chico con historia!".


Y así es, en verdad: nuestra historia primera está en nuestras raíces. "Abandonará el hijo a su padre y a su madre..." (Gn, 24b) es exigencia de ser adulto, de volar libre y responsablemente, pero implica dejar de ser hijos. Ver desde la ancianidad la prolongación de la descendencia es una bendición de Dios, pero no lo es menos llegar a la madurez y poder seguir pronunciando "papá" y "mamá".

Aquello que los esposos se prometen recíprocamente, "amarse

y respetarse todos los días de la vida", es extensivo a toda la familia. Todos sus miembros tienen el derecho a ser tratados con amor y respeto, y todos también son responsables de cada uno de los demás, desde el más anciano al recién nacido.


Enraizada y alimentada la familia en y con el amor, que "es paciente, es afable, no es grosero ni busca lo suyo, no se exaspera ni lleva cuentas del mal, disculpa siempre, se fía siempre, espera siempre", tejeremos día a día, de generación en generación, el sólido y confortable entramado de la civilización del amor.

**M^a ANGELES
ALMACELLAS BERNADÓ**



Marfín Ruano, 21 • Tel. 27 44 11 • Fax 27 50 28 • 25006 LLEIDA
Sant Joan de Mata, 1 • Tel. 20 29 18 • Fax 20 28 35 • 25001 CAPPONT (Lleida)
Plaça la Sal, 11 • Tel. 24 25 70 • Fax 24 98 87 • 25007 LLEIDA
Jacint Verdaguer, 15 • Tel. 71 07 67 / 71 16 78 • Fax 71 07 67 • 25230 MOLLERUSSA (Lleida)
Pare Maryanet, 28 • Tel./Fax 65 20 66 • 25620 TREMP (Lleida)
Plaza España, 9 • Tel. (974) 42 86 53 • Fax 42 86 63 • 22500 BINEFAR
Jaume Huguet, 1 • Tel. (93) 278 30 20 • Fax 278 20 19 • 08019 BARCELONA

ONDE ESTÁ A OUTRA ESTRELA



As estrelas xúntanse de varias formas: binarias ou dobres, triples, etc. ata chegar ós denominados cúmulos estelares, onde parecen amontoarse as unhas sobre das outras.

Na veciñanza nosa, citando a máis próxima Alfa Centauro, situada a 4,5 anos luz, está formada por un sistema triple ou sêxa de tres estrelas ou soles xirando todas en torno a un centro común de gravidade. Imaxinémonos no noso sistema planetario desfilando por enriba das nosas cabezas tres soles (acaso non sería sempre de día). Hai que dicir que a Constelación Centauro dende a nosa latitude boreal non se ve, xa que atópase no Emisferio Sur, sobre 60 graos.

Séguelle por orde de alonxamento a estrela Barnard, unha estrela de baixo brillo situada a seis anos luz, tamén do Emisferio Sur. Despois de varios anos de estudio chegouse a conclusión de que a esta estrela séguelle unha compañeira

con unha masa similar á de Júpiter, xirando ó redor da primaria cada doce anos.

Outra estrela pequena que se cre poida ter unha compañeira é Lalande de 8,2 anos luz.

A 8,8 (sempre anos luz), atopámonos con Sirio, da Constelación de Can Maior, a estrela máis brillante de todas, tamén con unha compañeira. Esta estrela si que se ve dende a nosa latitude, e así outras e outras.

¿Por que o noso sistema planetario só dispón dunha estrela, neste caso o Sol?. Despois de rebuscar ata os últimos recónditos lugares, os buscadores de estrelas, neste caso a Astronomía, non puideron localizar, ata os nosos días, ningunha outra na nosa proximidade que puidera catalogarse como compañeira do noso Sol e formar así, como as outras, sistemas binarios ou triples, etc.

Sobre da formación do noso sistema planetario pénsase, que veu dado pola acumulación e condensación nunhas areas determinadas de

po interestelar, dándose un crecemento paulatino ata os volumes actuais dos que dispoñen os planetas e satélites no seu conxunto.

As estrelas, a medida que se vai esgotando o seu combustible nuclear, o hidróxeno, vanse apagando pasando por varias etapas, e, segundo o tipo de estrela e tamén según a súa masa, pódense transformar en xigantes vermellas (roxas), inchándose enormemente, pasando despois a ananas brancas, negras, pardas, marróns, de neutróns, novas, supernovas e ata os "buratos negros".

Cando o noso Sol pase pola fase de xigante vermella (que será dentro de varios milleiros de millóns de anos) e se vaia esgotando o hidróxeno, a súa inchazón abarcará ata a órbita terrestre, quedando a Terra asolagada nun inferno de fogo, evaporándose mares e océanos ata a súa total desaparición.

O noso Sol na antigüidade, ben puido ter outra compañeira e ter evolucionado cara certas formas. Esta estrela estaría situada entre as órbitas do que son hoxe Marte e Júpiter (onde a lei numérica de Titius-Bode di que tiña que haber outro planeta) onde no seu lugar atópase o cinturón de asteroides, que orbita ó Sol e está composto de todo tipo de asteroides e meteoritos. Crese que este tipo de aneis foi o resultado dun planeta que topou, aínda que a ciencia non entende moi ben como e de que forma pode toupar un planeta.

O que hoxe é dito cinturón, é onde esa compañeira, ben na fase de supernova ou de anana branca, e por

efectos de marea do propio Sol expulsou ó espazo e "pariu" o que son hoxe os oito planetas e os seus satélites. Os restos da estrela, pasarían por medio da explosión nunha especie de rebote, a situárense na súa órbita definitiva e convertérense no que hoxe é o noveno planeta Júpiter.

No caso da Terra, a Lúa e Marte, nun principio formarían un só corpo, onde no seu traxecto iríanse separando ata situárense nas órbitas que posúen actualmente.

¿Por que formarían un só corpo? A concavidade que se dá no Océano Pacífico equivale a máis ou menos a metade da Lúa, e o cráter Flavius situado en Marte equivale á outra metade (que coincidencia) e o material rochoso de que están compostos é o mesmo, Mercurio e

Venus incluídos.

¿Por que sería Júpiter o resto principal desta estrela compañeira que lle falta ó Sol?. Júpiter é o máis grande dos planetas, cun volume de mil trescentas veces o da Terra, desprende dúas veces máis enerxía da que recibe do Sol. A maior parte do seu volume e da súa masa componse de hidróxeno, principal elemento do que están formadas as estrelas. Se súa masa fora doce veces superior, no seu interior formaríanse reaccións termo-nucleares e, polo tanto alumaría con luz propia.

Algúns elementos da táboa periódica tales como, o hidróxeno, carbono, osíxeno, silicio e ferro, convínanse no ciclo de fusión no interior das estrelas, pilares dos que está formada a materia.

O satélite joviano IO, que se move nunha órbita preto de Júpiter, está composto principalmente de xofre. E referente á Terra, tamén abundan estes elementos citados, e senón ¿de onde ía saír tantísima auga?. Unha grande parte da terra, nun principio debeu de ser unha especie de hidróxeno amorfo, unha especie de cinza surdida da combustión da caldeira nuclear da estrela que ó interaccionar, ó combinar con outros elementos en especial o osíxeno, o resultado final foi a abundancia de tanta auga como disfrutamos.

No espectro do infravermello, podería incluso ser válido o que Júpiter é unha estrela.

**PEPE RODRÍGUEZ
GIRÁLDEZ**

Planchisteria **ARMI**

**ROGER DE LAURIA, 32
(EDIFICIO CORBINS)**

**TEL. 23 54 70
25005 LERIDA**

VIAJE A LA "GIRALDA"

Quiero describir una bonita excursión, de las muchas que realizó la Vocalía de la Mujer: La visita a "La Giralda". Sí, digo Giralda, y así fue. No es que fuéramos a Sevilla, la visitamos más cerca. Muchos desconocen que esta maravilla sevillana la tenemos en nuestras tierras catalanas, cerca de Barcelona, por la carretera Nacional II, en el Sur de Catalunya, perteneciente a la comarca del Baix Penedès, en el pueblo de L'ARBOÇ. Es aquí, donde hay una bonita y minuciosa reproducción de tan bello monumento.

En una antigua casa de pagés se empezó a edificar la Giralda. Los principales elementos son: El Patio de los Leones, una reproducción de dimensiones reducidas que posee doce leones, número igual al de la famosísima granadina, y todas sus habitaciones, donde se respira la cultura árabe. Sus cristalerías pintadas todas ellas a mano con una gran variedad, son distintas entre ellas, a cada cual más bella.

La torre tiene tres diferencias con la original, a saber:

1.- El modelo a copiar mide noventa y cuatro metros y medio de altura, la que nos ocupa alcanza tan solo la altura de cincuenta y dos metros.

2.- La de L'Arboç no posee rampa como la original. Está construida con escaleras, para poder acceder hasta el punto más alto.

3.- Tampoco posee campanas, pues no quería despertar a los vecinos ni a los pajaritos que allí abundaban.

Llama la atención el magnífico Salón de Embajadores, que posee



un mosaico de estilo Veneciano con incrustaciones de nácar. Lo que destaca también en este salón, son sus escudos heráldicos.

Todas las pinturas fueron realizadas con minerales, por lo que su conservación después de casi cien años es notable y para los dorados que son su elemento principal se necesitaron veintidós kilogramos de auténtico oro.

Una vez terminada esta maravilla, su valor ascendió a 600.000 ptas. que traspasado al valor real en moneda actual subiría de los 700 millones de pesetas.

En una de las habitaciones, se puede admirar un tocador hecho todo de mármol, con una gran esquisitez, digno de contemplarlo. También se encuentra un Quijote escrito sobre hojas de madera, una verdadera joya y maravilla.

El guía nos explicó que esto lo construyó un catalán casado con una andaluza y para que no tuviera

nostalgia de su tierra decidió reproducir este fabuloso monumento. Cuando éste se lo dijo a sus vecinos, le tildaron de loco, y al cabo de los años les demostró que estaba más cuerdo de lo que pensaban, al construir en Catalunya la Giralda de Sevilla.

Os convido a que cuando tengais ocasión, hagais una visita a L'Arboç, la Giralda. Disfrutaréis.

Nosotros pasamos un día maravilloso, aprovechamos ese mismo día para hacer una escala y visitar unas "Caves" en Sant Sadurní d'Anoia, así como también una hermosa iglesia, en cuya fachada se podía contemplar un hermosísimo reloj de sol cuya inscripción decía: "Jo sense Sol / Tu sense Fe/ No som res.

Yo sin Sol / Tu sin Fé / No somos nada.

M^a PILAR CANYADELL

“LERIA”

Non hai diarios en galego, tan só un xornal “O Correo Galego”, e un semanario “A Nosa Terra”.

Lendo estes xornais da nosa terra pensei no problema que está a padecer o galego.

O galego pode ser unha lingua morta de aquí a dúas ou tres xeneracións, pois é ben sabido que as xentes galegas atópanse nun bilingüismo, no que o castelán é a lingua falada e a que ten máis saída de cara á xente nova.

A xente fala castelán e non hai que teimar pois a súa educación foi e será en castelán. Nas escolas, agora mesmo en Galicia, fan a escolarización e a educación en castelán normalmente.

O galego non está normalizado. Falar galego hoxe en Vigo, Ferrol ou A Coruña, é algo minoritario,

segue a ser a lingua dos labregos e mariñeiros, a xente do pobo, ou dalgúns intelectuais galeguistas, tamén algúns políticos comprometidos coa “terra”. A realidade é triste, os nenos falan castelán pois os pais fálanlle en castelán. Os galegos teñen vergonza da súa lingua, teñen complexo de falar en galego diante da súa xente.

A situación lingüística de Galiza é unha vergonza para todos. Ter vergonza da nosa fala é triste pero é a realidade. Así pois temos que mante-las esperanzas de **NORMALIZAR** a lingua, a cultura e a pedagogía do galego.

Velái polo que é tan importante facer o curso de galego, que se imparte, no Centro Galego de Lleida.

Aprende-lo galego é unha necesidade para os que senten unha

cultura que foi a base dos cancioneros, dos troveiros.

Falando do Curso, penso que está ben, pero ¿Para que vale o galego? Xa mo dixeron moitas vagadas. Pois direi que vale para ter unha conciencia dun pobo que está ergueito e loita por ter unha cultura ceibe.

Para rematar direi unhas verbas dun home cheo de grandes ditos, Castelao : “Non esquezamos que se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma”.

¿Ou é que na emigración resulta superior un castelán a un galego por falar unha lingua máis “extensa”? A superioridade non está no idioma que se fala, está no que se sabe, no que se dí e no que se fai (Sempre en Galiza, pag.43.Castelao).

ANXO



AUTO-ESCOLA

MOLINS-
CASTET

- LICENCIA PRA CICLOMOTOR
- E TODALAS CLASES DE PERMISO DE CONDUCCION
- CLASES TEORICAS PERSOALIZADAS SEGUND O
- APTITUDES ASISTIDA COS MEDIOS AUDIO-VISUAIS

Fleming, 19 - LLEIDA

Tel. 27 43 53

Feitos e desfeitos de "Mingos e Martiño" (II)

O SANCRISTÁN

O abade don Camilo déranolo "Pan dos Anxos" na misa de Corpus Christi, que viña a se-lo recoñecemento do grado de doutrina que acadáramos na escola de don Anxo. Aquel acontecer ía marcar un denantes e un despois nas nosas vidas; esmorecíanse no esquecemento as cañotadas nas orellas tremolantes de frío que o mestre nos sacudía por mor dos erros nas benaventuranzas ou nos mandamentos da Igrexa; xa non tiñamos que nos agochar no boche do castiñeiro cando tocaba doutrina. Moitas cousas irían quedando esvaídas no tempo; pero a aquel xuramento de sangue que un día fixeramos, seguiríamos vencellados namentres o mundo fora mundo e nós estiveramos nel.

Eramos case mozos, aínda Martiño ía un pouco atrasado nas medras por mor de que cando era pequerrecho bebera ovos de carrizo. Mingos non era aínda músico, e tampouco se sabía ben se quedaría para home; así e todo, non lle pintaban mal as cousas por aqueles tempos. O abade don Camilo tiña posto nel toda a confianza que pode por no seu sancristán, cargo este que ostentaba o noso amigo dende o día mesmo da súa primeira comunión. E non só no tocante ás cousas ecle-

siásticas, tamén nas domésticas e administrativas - recadación do pan das rogativas, coidado do cabalo, do horto da rectoral, etc.etc.- tiña Mingos a total confianza do señor Abade. Sen dúbida, aquela relación con don Camilo facíao merecente da envexa e cobiza dos demais rapaces, polo que as súas relacións cada día eran máis selectivas, quedando reducidas ós tres firmantes do pacto de sangue.

Facía anos que na parroquia non tiña habido un enterro "dos grandes", quero dicir dos que se fala moito tempo despois -do enterro claro esta, que non do morto -. O caso é que aquel día correu a voz de que a señora Madanela estaba á morte. A desgracia confirmouse e don Camilo deulle instrucións a Mingos para que preparase a igrexa para un "enterro de primeira". Tiña que monta-lo túmulo ben arrodeado de fachas de cera, polo menos cen ou máis -no enterro da tía Nicanora houbera oitenta-, as campás non tiñan que calar dende o albor ata ser noite, -dúas badaladas a campá pequena e unha a grande, por ser muller a defunta-. Estes e outros gabexos obrigaron a Mingos a solicitar a nosa colaboración, que dito sexa de paso, estabamolo desexando.

O día seguinte, ben cediño acudimos á cita na igrexa e Mingos,

con aires de gobernante, deunos instrucións. A min tocoume -en mala hora- rubir ó campanario a dalo repenique e continuar ca primeira tanda de campañeiro. Mingos encargouse persoalmente de monta-lo túmulo e maila cera, mentres que Martiño quitaba o po na sancristía e ordenaba as roupas litúrxicas. Estaban chamados vintecinco curas -cinco máis ca no funeral da tía Nicanora-, para o que cumpría un bo fardo de albas, roquetes, cíngulos, estolas e casulas. Martiño non deixou naveta, armario, queixón, nin recanto que non fora perfectamente inspeccionado, batendo ó cabo cos dous elementos que máis lle namoraban da cousa litúrxica: o incenso e o viño de misar. Hai que dicir que dos dous referidos elementos, o que máis paixón espertou no meu amigo foi sen dúbida o segundo, gardado nunha garrafiña revestida de vimbio pelado, tupido e ben tecido, rematado nunha boca tapada cun cortizo noviño que máis ben xemeu ca rechiou cando Martiño o retorceu.

¡Mirade o que atopei! Martiño amosábano-lo seu descubrimento no intre que eu baixaba do campanario para face-lo primeiro relevo.

¡Deixa estar iso, con esas cousas non se xoga!. O fiel sancristán parecía implacable na decisión de protexe-lo prezado tesouro que

con especial esmero gardaba don Camilo.

-Ben, peor para vós porque eu xa o probei, e abofé que está ben bo. Non creo que por un chisco máis ou menos se lle vaia notar, ademais ¿vai saber don Camilo por onde estaba a garrafa?

Axiña conviñemos en que Martiño tiña razón e a garrafiña pasou de man en man e de bico en bico ata que non quedou chisco de viño. O tempo debeu pasar moi aprésa, mirei pola pequena xanela que daba ó adro e vin como a xente fá a eito a lle reza-lo derradeiro



rosario e botarlle unha bágoa de despedida á tía Madanela; e nós alí, tombados no chan da sancristía, aspirando o arume do incenso que Martiño empeñouse en acender para lle dar á escena máis misticismo; somergullados no éxtase e delirio, posuídos pola gracia do deus Baco. E coido que desta guisa nos atopou o abade don Camilo cando preto das dez da mañá do día seguinte chegou á igrexa para ultima-los detalles do funeral; coido que nos espertou a couces do noso ensoñamento. Do que pasou de alí en diante non podo dar fe; sei que don Camilo xurou en latín e nós fuximos cara o monte

como alma que leva o demo. Soubemos

despois que ó darse conta don Camilo que a garrafa estaba seca e non había viño para celebrar, mandou por un cuartillo á casa do Maragato. Cando un dos netos da defunta chegou co cuartillo de viño preguntoulle moi serio don Camilo: ¿Supoño que o viño será puro?, digo eu. "-Pois non faltaría máis, dixo o rapaz; o Maragato aseguroume que era

puro, puriño de uva". Pero don Camilo, que nunca fiou no Maragato, e menos no tocante ó viño, esperou a que este chegara para lle preguntar.

O Maragato encheuse de chufas virtudes do seu viño, xurando polos fillos e pola muller, que non tiña máis composición que a que dá a uva.

- Ten en conta que é para celebra-la Santa Eucaristía e sobre a túa alma vai se te condenas, dixo ó fin o señor abade.

O Maragato levou a man á boina, baixou logo a cabeza pasando a man polo nariz, e replicou con sorna.

- Pois mire vostede, don Camilo, se é para celebrar como di, supoño que o ten de mesturar con auga ¿non si?. Pois daquela non lle poña logo as gotiñas...

E así foi como o máis honrado e abraiante enterro endexamais habido nos contornos de Friol -o enterro da tía Madanela- foi celebrado con máis de vinte curas e viño "peleón" da comarca do Bierzo. E así foi tamén como o noso amigo Mingos viu crebado no seu albor o que prometía ser un brillante futuro como sancristán de don Camilo.

COTONO

REPORTAJES:

- BODAS
- BAUTIZOS
- COMUNIONES
- BANQUETES

EN FOTO Y VIDEO



Lázaro
Fotografía



Alcalde Porqueras, 2 - Tel. 22 34 22 - 25008 LLEIDA
BARCELONA TEL. 205 13 11

¿TE CASAS

...???

 **QUIERES UN BUEN**
REPORTAJE EN
 **FOTOGRAFIA Y VIDEO??**
Y ADEMAS UN BUEN PRECIO??
Y ADEMAS REGALOS??
Y ADEMAS UN VIAJE??
PUES QUE ESPERAS
VEN A VERNOS 

A XUNTANZA - O ENCONTRO

ADICADO Ó DR. SEVERINO FERNÁNDEZ VEREA

(Continuación)

A mañá alboreaba limpa e fría, unha suave brisa procedente do mar auguraba un fantástico día; Ith e eu saímós da casa e fomos pasear pola cidade namentres Almergín tiña que solucionar algúns asuntos.

Dende as murallas podía ver o val dun río sinuoso, que atravesaba bosques de carballos, nogais e faiedas; había algo na paisaxe que non me era de todo descoñecida, as súas montañas, a forma da ría, a orientación. Podía ve-lo mar de cor gris, pero calmo. Mirando cara o Sur, á miña esquerda, unhas montañas envoltas en nubes grises e frías; eso sí que me era totalmente descoñecido, era a Serra do Xistral; polo tanto, o río non podía ser outro que o Landro e a cidade...

- ¡ Estamos en Viveiro ! - berrei.

- Non.- contestou Ith - chámase Cinnania, anque coa historia cambiará de nome con toda seguridade.

Continuáramo-lo noso paseo, visitei as zonas de carga de material no puerto (temos que lembrar que Cinnania significa cidade do estaño) tratábase dunha zona mineira por excelencia, onde comerciaron fenicios, gregos e cartaxineses.

Polo Sur comezou a vislumbrarse unha columna de homes que se achegaban á cidade, fortemente armados pro non en son de guerra; xunto a esta columna outra menos organizada de homes rudos e toscos, de gaelicos. Acamparon ó pé das murallas, sen empalizadas nin defensas; pero aínda e así a xente quedaba marabillada do exército tan esplendoroso e disciplinado como era o de Lacio. Os xenerais entraron na cidade sendo recibidos por Celt e Gael e os nobles.

Á tardiña, congregóusenos na praia onde se dispuxera todo para o

banquete, os xenerais tanto romanos como celtas fóronse sentando intercalados. Ith, en voz baixa, íame dicindo os nomes dos recién chegados, a maioría deles non me resultaban coñecidos.

Acabada a cea, empezaron a contarse relatos e aventuras; un home alto e novo, con xubón e calzas de boa confección e chamativas fitas de cores, ergueuse e entonó un "lay" inaudible ó comezo debido ó barullo reinante que proviña das moitísimas conversacións que tiñan lugar ó mesmo tempo.

- Caro debiamos pagar a nosa ousadía de enfrentármonos a Roma como aliados de Cartago, ó igual que a fenicios, gregos e cartaxineses atraerían as nosas riquezas, cobizaran os romanos; pero estes fieis á súa máxima de non deixar ren para os demais non tiñan intención de chegar a acordos pacíficos.

Unha serie de guerras continuas entre Roma e os diferentes pobos de Hispania marcarían o inicio dunha nova era na historia do noso país. Asasinatos de tribus e tratados humillantes serían a tónica da relación co Lacio. Ata que Attilio Marcelo, comprendeu que aquel pobo non loitaba sen motivo, estaba defendendo a súa independencia e liberdade e firmou uns tratados cos celtas e outros pobos. Pero o Senado romano non era amigo de cumprir a súa palabra e mandou dous novos xenerais para que someteran pola forza a eses pobos que ousaban desafiar-lo poder de Roma.

O "lay" quedou interrompido polo propio Attilio, disculpou ó propio pobo romano e narrou o pouco que el coñecía; mandaron entón dous exércitos con dous xenerais ó frente, para celtíeria a Lucio Licino Lúculo e a Sergio Sulpicio Galba a Lusitania. Ámbolos dous xenerais só desexaban enriquecerense rapidamente e conquistaren gloria no

campo de batalla; Galba apareceu como un auténtico asasino e de todos é coñecido o episodio da masacre dos 30.000 entre Douro e o Tajo.

Un home moi corpulento ergueuse anoxado, con armadura moi humilde ó igual cas vestimentas; - Eu sobrevivín a aquela matanza - exclamou Viriato - e dende entón só vivía para vingarme; e non estou de acordo contigo Marcelo, os romanos querían conquistar e dominar estas terras ó prezo que fora.

Escondíme nas miñas terras perto do Miño, formei un grupo de xente e dedicámonos a hostigar ó Lacio. Enfronteime a Cayo Vitilo, que estivo a punto de vencerme nun paso estreito; pero conseguimos bulralo cunha estratexema e fomos a refugarnos en Tríbola. Cando veu a por nosoutros sorprendémolo en medio dos bosques e vencémo-lo seu exército incluso chegou a morrer el naquela batalla.

A aquela victoria seguíronlle outras, o honor de Roma estaba en entredito e tiñan que levar esta afronta. Os novos gobernadores que mandaron non eran moito máis prudentes, foron vencidos tamén; humillados en Roma namentres as togas dos seus xenerais penduraban ó vento e as fasces e aguias relocían nas montañas non conquistadas de Lusitania.

Chegaron novos xenerais á península, máis astutos non se enfrontarían directamente a Viriato; con pequenas accións foron equilibrando á balanza.

Entón outro romano púxose de pe e pideu permiso para falar: - Eu Fabio Maximo Serviliano, desembarquei no 142 a.C. Agardei a recibir axuda de Africa, logo decidín acatar ó Luso; pero conseguiche enganarme cunha das túas estrataxemas, retirándote para que che deramos caza e cando dividiche-las

miñas forzas revolvícheste machacando o meu exército. Refugueime en Ituccia ata que xa sen víveres e cansado retirácheste ás túas terras. Aventureime de novo en Lusitania...

- Entón enfrontáchede cos celtas Cuneos, -dicía un dos homes que acababa de se erguer- eu Cuneo e Apuleyo con dez mil homes baixo o noso mando fixémosche retroceder.

- Vergonzoso foi o trato dado ós vencidos das cidades de Viriato -dixo Apuleyo- como sempre, os romanos faltades á vosa palabra, matades e esclavizades á aqueles que se vos renden baixo a promesa de seren respetados. Ou coma cando mutilabades ós vencidos.

Ante as novas campañas militares, Viriato salíu para intentar recuperar algunhas das súas cidades; pero foille imposible, así que tiña que retirarse cara as súas montañas chegando a Erisana (Baiona) onde puido plantar cara de novo ó romano. -Tiven que

aceptar o meu erro e firmar unha paz con tan valeroso xeneral -dixo entón Serviliano- Temiamos que agora vingara as atrocidades cometidas polos nosos anteriormente, pero comportouse coma un gran vencedor...

- Roma e nosoutros seriamos amigos -dixo Viriato con voz moi grave - e conformaríamonos cos territorios que tiñamos nese momento. Pero como sempre o gran senado non estaba de acordo e mandou novos exércitos a por nosoutros; veu entón Servilio Cepión...

Atacou Cepión en Arsa, onde se atopaba o noso gran xeneral -cantaba un trovador- e este ante a traición fuxiu cara Brácara (Braga) e novamente utilizando a súa astucia enganou ó romano, que moi molesto descargou as súas iras sobre dos vettones e gallaicos aliados de Viriato, saqueando as súas terras. Imposible de organiza-la defensa decidiu ganar tempo e enviou a tres emisarios...

Foi interrompido por un soldado

de a pé, que compunxido e triste falou case como un choro - Aqueles miserables Aulace, Ditalcón e Minucio, deixáronse sobornar e pola noite namentres eu montaba guardia ante a tenda do meu xeneral; entraron e deron morte ó maior caudillo que nunca tiveramos...

- Eu fun o elixido para substituír a tan magnífico home de ben - continuou un home corpulento - pero non foi capaz de transmitir aquel coraxe os exércitos que me seguían. Na cidade de Saguntia, na Turdetania, fomos vencidos pero eu, Theuthames, conseguín impor algunhas condicións aproveitando o temor que aínda sentían por nos...

Naquel momento en que todo o mundo sentía no seu corazón unha profunda dor ó ter lembrado a morte de Viriato, tomou a palabra outro xeneral romano, de armadura ricamente decorada e portes dunha exquisita educación ... (Continuará)

Xurxo Fernández García

LA VALL DE CARDÓS

O abrazo entre a Natureza, a Arte e a Vida

Situada na comarca "lleidatana" do "Pallars Sobirà", perante séculos, e debido á falla de comunicacións e á dificultade dos seus accesos, "La Vall de Cardós" permaneceu aillada, lonxe dun mundo exterior en evolución constante.

Este aillamento que por un lado pode parecer negativo, propiciou pola contra, que chegasen ata os nosos días, case que intactas, algunhas das máis importantes obras da arte prerománica catalana.


Fuxindo do perigo da invasión sarracena chegaron ata aquí xentes de moi diversos lugares que construíron, co paso do tempo, importantes edificios, a maioría deles relixiosos, que nun comezo foron construídos baixo a

influencia visigoda e mozárabe, pouco a pouco estruturáronse no que se chamaría máis adiante a arte románica. Non en valeiro os historiadores teñen considerado que "La Vall de Cardós" foi un dos centros de formación e creación da cultura e da identidade do pobo catalán. E toda esta marabilla chegounos ata os nosos días, consecuencia, como xa dixemos, da dificultade de acceso que ata polo dadora tiña todo o entorno.

A entrada a "La Vall", xa ten de por si un ar idílico, xa que pode contemplarse como percorren alegres e saltareiras, as augas que baixan do mítico lago de Certascan, un dos máis extensos do Pirineo, e como non, un dos máis belidos e digno de ser visita-

do. Esta entrada coñécese co nome de "Forat de Cardós", pola súa estreiteza, nome que se lle dá tamén a unha das covas sitas na marxe esquerda do camiño, niño de encantadas, segundo as xentes do lugar, namentres que outros cóntannos que, antigamente, era o lugar onde moraban os míticos e máxicos seres chamados "Minairons", que tiñan o seu cargo toda a "Vall", chea de engado e misticismo. Segundo esta última crenza serían estes pequenos personaxes os que velaron e salvagardaron todo o val impedindo que ninguén poidera estragalo, tanto na súa faceta paisaxística como no coidado e conservación das súas construcións.

Será así, como esta "Vall" apare-



conserva a beleza do seu románico. Atoparemos tamén unha magnífica e ben conservada Cruz de término, de pedra, de estilo medieval e que estivera situada con anterioridade no "Forat de Cardós", e na entrada da mesma vall, para salvagardar estes paraxes, como antes se dixo, tivéranos feito aqueles personaxes chamados "Minairons".

De aquí proceden as notables pinturas románicas, hoxe no Museo de Arte de Catalunya e no Museo Diocesano de Urgel, que fixeron dicir a Ainaud de Lasarte -a versión máis completa da

teofonía en Catalunya- : Estaon e Esterri de Cardós eran os seus lugares de orixe.

Terra de arte, de natureza viva, de misterio e lenda, terra onde entre a Ribera e Cassibrós atoparemos unha antiga ponte sobre do río de grande beleza. Tampouco podemos esquecernos doutro belido exemplar en Tavascan, augas arriba, obra dun pasado cheo de engado, que aínda hoxe faise presente en todos e cada un dos recantos da mesma poboación.

Engado extensivo a tódolos lugares e pobos do val. Pobos de estrutura rústica que conservan aínda hoxe todo o tipismo e a beleza do Pirineo, formando parte da paisaxe, dándolle a súa fisonomía particular e facendo de todo o seu conxunto un mundo diferente.

Lladrós, Ginestarre, Lladorre, Ainet de Cardós, Bonestarre, Surri, Lleret, Arrós..., son algúns dos puntos de referencia a visitar, aínda que recomendamos ó viaxeiro que non se deixe ningún, pois en cada recuncho é

posible facer un novo e belido descubrimento, como xa temos feito mención anteriormente doutros lugares e pobos.

Lameiros verdes ou marelos, segundo a estación en que visitemos a "Vall", piñeiros, abetos e bidueiras cubrindo as ladeiras das montañas rematan configurando a bela paisaxe.

Cánticos alegres das augas cristalinas da Noguera de Cardós, terra de condes e duques, de encantadas e "Minairons", rúas estreitas, tellados de pizarra onde surde das súas chemineas o fume que envolve todo nas súas noites de inverno, longas e frías, onde facilmente podemos imaxinalas fadas danzando en cada un dos recunchos dos maravillosos pobos aletargados, e gardando tódolos seus tesouros arquitectónicos e naturais nestes primeiros días de inverno, cando a néboa vai envolvendo todo o conxunto, na espera desta florecente primavera onde como por arte de maxia todo rexorde con forza e brío.

Terra de ensoño, esta é a "Vall de Cardós". Unha terra onde os seus habitantes son xenerosos e de corazón noble. Terra moi querida polo gran poeta catalán Mosen Cinto Verdaguer, que tanto onte coma hoxe garda todo o seu engado, e onde a natureza e o home abrázanse para facer do val un lugar onde o tempo non ten reloxo, e os días soamente pasan co cambio da cor dos lameiros e montañas : agora brancos, agora marelos, agora verdes. E sempre cun maravilloso ceo azul onde a nubes forman tamén as súas pequenas obras de arte, emulando ós máis prestixiosos artistas.

"La Vall de Cardós" un dos lugares máis belidos do noso Pirineo. ¡¡¡ Tan perto e tan descoñecida !!!

**JOAN BELLMUNT
FIGUERAS**

ce ós ollos do visitante sementada de pequenos pobiños, todos con un tipismo particular, enmarcados por unha paisaxe belida cos seus templos románicos que soportan, con humildade e sencillez, o paso do tempo, sen que por iso deixaran de conservar a súa estrutura primitiva tan rica e valiosa á vez. E é que, a contemplación deste lugares, non pode deixarnos indiferentes e tódalas expresións que poidamos empregar para describilos resúmense nunha : ¡¡¡ Marabilloso !!!

Palabra que abarca moito pero que aínda se queda curta cando o viaxeiro chegue e descúbrao por si mesmo.

Subindo polo val, entre os cheiros agradables e as cores do outono ou da primavera, atopamos Ribera de Cardós, co seu espléndido campanario que da fisonomía e identidade ó pobo e ó seu conxunto. Coas súas fiestras góticas, e de tres pisos de altura, éruese coma vixía e faro para os camiñantes. A Igrexa de Santa María


LLEIDA HOMENAJEA A UN GALLEGO DE NACIMIENTO

1.994 FUE EL AÑO DE "NIKO"

UN LIBRO RECOPILA SUS MAGNÍFICAS CARICATURAS

"Nací en La Coruña hace ya bastante tiempo y, por lo tanto, soy gallego -con perdón- ¡¡ y a mucha honra!! "

Con esta fina ironía se refería Nicolás Martínez Lage a sus raíces gallegas de nacimiento. Nació en la capital coruñesa el 14 de febrero de 1.899, siendo el mayor de cinco hermanos. Su padre, natural de Bilbao, era Ingeniero de Obras Públicas, su madre provenía de Vivero. De la Coruña la familia se traslada a Gijón y posteriormente a Santiago de Chile. A finales del año 1.917 regresan a España, afincándose en Lleida, donde fijarían su residencia, trabajando el padre en Obras Públicas.



JOSEP TARRADELLAS


"Niko" siguió estudios en el Instituto de Bachillerato de Lleida, terminando estos en el año 1.920. Cursó la carrera de medicina en las Universidades de Barcelona y Zaragoza, especializándose en Odontología y ejerciendo como dentista en Algerri, Balaguer, La Pobla de Segur, Tàrrega y Lleida. Falleció el 16 de febrero de 1.981, a los 82 años de edad.

SU OBRA ARTÍSTICA

Pero al hablar de Nicolás Martínez Lage, hay que hacerlo recordando su obra artística, su legado en el arte de la caricatura a la que él denomina "Carigrafía".

"Niko", así firmaba sus trabajos y por este nombre se le conocía en el mundo del arte, fue un verdadero maestro de la caricatura y supo hacer compatibles su profesión de dentista, con su otra vocación de artista en el arte de la caricatura.

Sus colaboraciones en prensa se inician en el año 1.912, tanto a nivel nacional, internacional como local. Diarios como "Las últimas Noticias" de Santiago de Chile o la revista médica "Urgencias" fueron transmisores del arte de "Niko"; si bien fue el diario local "La Mañana" donde el gallego-lleidatà Niko ofrecía todos los domingos a los lectores sus inigualables caricaturas. Colaboración artística que él inició en el año 1.946, conjuntamente con el periodista Piñeiro, en una sección




titulada "5 minutos con...". El periodista realiza la entrevista con personajes de la actualidad y Niko la ilustra con una caricatura del personaje entrevistado.

El artista realizó también varias exposiciones de sus caricaturas en Barcelona, Madrid, Lleida y otras ciudades. Su obra fue difundida como una nueva escuela de "Caricatura Personal". En ellas se apunta un carácter irónico definiendo a los personajes mediante malabarismos lineales. Sus carigrafías poseen gracia y ritmo.

EXPOSICIONES

Podemos afirmar que el año 1.994 ha sido para Lleida el "Año de Niko". Su obra que había quedado ignorada para unos y que para otros era totalmente desconocida,



AUTORETRATO

fue recuperada y mostrada en una exposición que tuvo lugar en el Museo Morera durante el mes de Marzo. Con anterioridad su viuda e hijos, habían cedido el legado del artista al Museo Morera para convertirse así en patrimonio de la Ciudad. A esta magnífica muestra le seguirían otras itinerantes por los barrios de Lleida.


EDICIÓN DE UN LIBRO

Finalmente y como colofón, en el mes de Octubre fue presentado en un solemne acto celebrado en el Auditorio de la "Fundación la Caixa", con la presencia de la familia, las primeras autoridades de Lleida y numerosos artistas y amigos; el magnífico libro dedicado a la obra de Niko y que bajo el título "L'Art de la Carigrafía" deja constancia escrita y gráfica de sus caricaturas.

El libro, en una delicada y bellísima edición de "Artis", es obra del trabajo recopilador y divulgador

de Enric Castells. En sus páginas se recogen las opiniones que de la obra de Niko nos ofrecen diferentes personalidades del mundo de la cultura y del arte de Lleida. Artistas como Crous, Roig Nadal, Victor Pallarés, Ureña, entre otros, junto a Jaume Magre, Nadal...etc., hablan del artista, de su obra y de sus recuerdos personales y amistad con Niko. Su propia familia y hasta él mismo, aparecen en el libro ofreciendo sus sentimientos y narrando sus vivencias con el que fuera dentista, caricaturista, esposo y padre, gallego y lleidatà.

El volúmen se completa con una magnífica recopilación de sus mejores carigrafías realizadas a personajes de Lleida, personalidades del mundo de la política, de la cultura, del espectáculo, de la religión... etc., a nivel nacional, internacional y mundial. Concluye con la referencia al homenaje póstumo que



CAMILO JOSE CELA

Lleida le ha tributado a lo largo del pasado año y que en esta obra de Enric Castells tendrá perenne continuidad.

La publicación ha contado con la colaboración de "La Caixa" así como de las instituciones oficiales y entidades privadas y particulares que han posibilitado este libro en homenaje a Niko, con el objetivo de dar a conocer y divulgar su magnífica obra artística.

Es en definitiva el homenaje de Lleida a un gallego de nacimiento y lleidatà de corazón.

LO QUE OPINA OTRO GALLEGO : D.CAMILO JOSE CELA: "SOY UN LEAL ADMIRADOR DE LA OBRA DE NIKO"

Una de las opiniones que de la obra de Niko aparecen en el libro de Enric Castells, es la del también gallego y escritor D.Camilo José Cela.

Nuestro Premio Nobel de Literatura dice así: "... fui amigo y sigo siendo leal admirador del gran dibujante y caricaturista y paisano mío Nicolás Martínez Lage. Siempre despertó en mí gran interés su ágil trazo y el espíritu en todo momento adivinado de sus personajes y personajes. Picasso llegó a hacer esculturas de humo que no duraban mucho más que un suspiro, y NIKO consiguió plasmar en muy brevísimas y firmes líneas la cara y el gesto y hasta el alma de aquel a quien traspasaba con su mirada. Me honro en recordarlo ahora y me sumo muy gustoso al homenaje que todos le dedicamos con su libro de caricaturas".

JORDI CURCÓ

CONVERSAS VANS

Eu son dos que pensan que, de vez en cando, é unha boa cousa deixar voa-la imaxinación polo enriba dos cumes dos imposibles sen lle regulamenta-los voos...

Conversas vans comigo mesmo tidas;
Acaríño a facerlle ós recordos dun día,
Lonxes xa na distancia e no tempo,
Que amantiños para nós teñen sido...

Conversas vans comigo mesmo tidas;
Co silencio enchendo a noite;
Bermiño da lúa na escuridade;
No foscuro do camiño, claridade;
No deserto da sede, fresquiña fonte...

Conversas vans comigo tidas
Sen máis testemuña que a tristura miña,
Falando de inquedanzas, desenganos,
Desamores, penas, dores e morriña...

Conversas vans comigo tidas,
A remexer no cerne das cousas
E nas cousas ocultas da vida,
Coa espiga maduriña da verdade
E coa palla seca da mentira...

Conversas vans comigo tidas:
Fumaradas denegridas

A se esvaeren cara a ningures...

¿ Estarei no camiño dos tolos ?

¡ Pois fúxome destas lerías

E das súas acedumes ! :

Volvo ós silencios amigos;

Torno ós meus vellos costumes;

Volto á túa beiriña

Na procura de agarimo :

¡ Regreso ás conversas vans

Con tal de estar contigo !

CONTIGO A SOÑAR

Digamos que o soñar é - ó menos para min -, coma o descanso do guerreiro. Non sei se para ti tamén.

Tecedoriña de soños
Fuches ti co meu pensar,
E agora tesme a cotío
Tan só contigo a soñar.

Vexo como a lúa mírase,
Sorridente e fermosa,
Compracida e vaidosa,
No azul espello do mar...
E soño que son Neptuno,
E que ti estasme a bicar...

Eu inauguro promesas,
E ti aciñas douradas
A lle pór ás ilusións...
Os dous a voar xuntiños
Do par dos ventos lestóns...

Ando eu a tecer soniños
Coas lembranzas cotiáns
E ándamos ti arrolando
Cos nosos anxos gardiáns...

E eu veña, soña que soña,
Cal rapaciño escolán...

¡ Ai os amores tardeiros,

Cantos sustiños que dan !

Incentivos teus silencios

Que ándanme o peito a roer:

Téñoos nos meus sentires

Sen alí quereiros ter...

E ti a me pór atrancos

Prá facerme tolear...

¡ Pois quizabes que inda tolo

Siga contigo a soñar...!

Candoriños que ti poslle
A tódolos teus anhelos...
Téñolle medo a ese amor
Que me quere dominar...
E gracias terlle que dar
As deusas dos imprevistos
Po pórche nos meus vieiros
E neles nos atopar...
Meu corpo a pedirche entregas
E ti firme a llas negar
Arrogante coma un xunco
O vento do vendaval...

E habemos seguir camiño
Co noso amor a medrar:
Por vieiros prá nós feitos
Na encrucillada dos xeitos;
No miolo do pensar...

Bagoíña que feriume
Como firen os coitelos;
Verbiñas que me arrolaron
Tal cal as nanas ós nenos...

E a que os bique a invitárenme
Os teus labios de cereixa...

¡ Encóntrovos tanto en falta...!

¡ Bótovos tanto de menos...!

¡ Estouvos tanto a ansiar...!

Que perdo o mundo de vista

Tan só pórme a vos lembrar

E que houbo un día que perdinvos

Prá xamáis vos recobrar...

.....
Soño sabendo que soño; éche triste...

Mais... ¡ é tan fermoso soñar...!

(A mar échevos un sitio singular para pórse -
inda que un non queira - a cavilar)

Xosé Rois Froján

Xosé Rois Froján

INSTITUCIÓNS COLABORADORAS



PRESIDENCIA

SECRETARÍA XERAL PARA AS RELACIÓNS
COAS COMUNIDADES GALEGAS



Paeria Ajuntament de Lleida



Diputació de Lleida



Consell Comarcal del Segrià



Departament de Benestar Social de la Generalitat de Catalunya

Federación de Centros Galegos de Catalunya

Federación Casas Regionales de Lleida



Restaurant Centro Galego

JOC DE LA BOLA, 20 • TEL.: 27 03 02 • 25003 LLEIDA

TAPAS VARIADAS • MENÚ DIARIO • COMEDOR A LA CARTA
ESPECIALIDAD EN MARISCO Y PRODUCTOS DE GALICIA

NUEVA DIRECCIÓN: JAIME Y BEA



Estem de servei



Estem sempre al costat dels nostres clients. Les 24 hores del dia. Treballant amb el term propòsit d'assolir, dia a dia, una millor qualitat en l'atenció i el servei.

Oferint el tracte més agradable. Innovant tecnològicament des dels centres de producció als sistemes de distribució. Vetllant pel respecte al nostre entorn.

Només així, amb aquest esperit de superació, podem fer realitat la nostra vocació de millora.

 **enher**
En bona companyia